

## BASES CAMPAÑA NADAL 2017

1. A ABE organiza a campaña de promoción comercial de Nadal co obxectivo de premiar aos clientes que realicen as súas compras nos comercios asociados durante estas datas.
2. A campaña desenvólvese dende o 11 de decembro ata o 7 de xaneiro e sortearanse 2.000 € en vales de compra repartidos do seguinte xeito: 8 premios de 250 € . Os vales de compra soamente se poden utilizar para mercar nos comercios participantes sen posibilidade de cambiarse por cartos nin de facer devolucións de efectivo.
3. Os comercios participantes recibirán 1.000 rifas iniciais podendo mercar rifas a maiores en lotes de 500. Deberán entregar gratuitamente as rifas entre os seus clientes a razón de como mínimo 1 rifa por cada 10 € de compra durante toda a campaña. Aqueles comercios que pola súa singularidade realicen vendas de importe pequeno poden dar rifas por menos importe que o mencionado.
4. As rifas serán numeradas e **o sorteo realizarase o mércores 10 de xaneiro ás 12:00 horas na sede da ABE** polo método de extracción aleatoria como no da lotería nacional.
5. Extraeranse 8 números gañadores dos premios de 250 €.
6. Tamén se extraerán 8 números que actuarán como suplentes. **Tanto os premiados coma os suplentes teñen de prazo ata o venres 19 de xaneiro ás 12:00 horas para pasar polas oficinas da ABE para identificarse co seu DNI e presentar as rifas.**
7. Ós premiados cando pasen polas oficinas coa rifa e o dni faráselles entrega do premio correspondente, no caso dos suplentes deberán agardar ata despois do día 19 de xaneiro, **prazo a partir do cal os premios pasarán para ós suplentes que previamente haxan pasado polas oficinas da ABE para identificarse. Os premios aos suplentes entregaranse na orde que resultara no sorteo.**
8. Os premiados teñen ata o 28 de febreiro para utilizar os vales de compra e os comerciantes ata o 31 de marzo para canxealos nas oficinas da ABE.
9. A relación de premiados farase pública na páxina web da ABE [www.abe.gal](http://www.abe.gal) nas redes sociais e nos comercios participantes.
10. A participación na campaña supón a aceptación das bases así como a autorización dos premiados a utilizar a súa imaxe aos efectos de publicidade dos resultados da campaña.
11. As presentes bases pódense consultar na web da ABE [www.abe.gal](http://www.abe.gal), nas redes sociais e nos comercios participantes.
12. A organización reservase o dereito de modificar as presentes bases, sen incorrer en ningunha responsabilidade, previa comunicación ao servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia.